

Obxectivos:

Nos últimos anos puxéronse en marcha unha serie de iniciativas a nivel europeo, nacional e autonómico para impulsar o desenvolvemento da Administración electrónica. Con elas preténdese aproveitar as innovacións que as tecnoloxías dixitais, na súa constante evolución, poden achegar para construír un modelo de Administración máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo, facilitando a interacción coa cidadanía, empresas e outras administracións.

Neste sentido, a formación do persoal empregado público en Administración electrónica é esencial, pois permite a mellora das súas competencias dixitais e a asunción de novos procedementos de traballo, o que contribúe, en grande medida, a conseguir unha Administración máis eficaz, eficiente, próxima, transparente e accesible.

O Curso superior de Administración electrónica pretende afondar nos aspectos máis importantes da Administración electrónica desde unha tripla perspectiva, xurídica, técnica e práctica. Deste xeito, poden destacarse como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Concienciar o alumnado sobre a importancia que ten a implantación da Administración electrónica nas distintas administracións da nosa comunidade.
- Proporcionar coñecementos teóricos e prácticos de informática e do réxime xurídico da Administración dixital.

Convocatoria:

DOG núm. 142, do 30 de xullo de 2026.

Lugar de desenvolvemento das sesións presenciais:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

A parte de teleformación e o exame final en liña desenvolverase a través da aula virtual da EGAP: <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

Información:

Teléfonos: 981 54 62 41 / 981 54 63 42

Correo: novas.egap@xunta.gal Web: <https://egap.xunta.gal>

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CURSO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Santiago de Compostela, do 22 de setembro ao 27 de outubro de 2026



Martes, 22 de setembro

11:00-11:15 **INAUGURACIÓN DO CURSO.**11:15-14:00 **Relatorio maxistral:***A Administración electrónica na era da intelixencia artificial: transformar para servir mellor.***Miguel Ángel Domínguez.** Presidente de Alastria e CEO de Add4u.16:00-19:00 **Réxime xurídico dunha Administración dixital.****José Ángel Oreiro Romar.** Letrado e Delegado de protección de datos do Consello Consultivo de Galicia.

Martes, 29 de setembro

11:00-13:00 **Sede electrónica e carpeta do cidadán.****Isabel Pillado Quintáns.** Xefa do Departamento de Interoperabilidade e Servizos Dixitais da Amtega.13:00-14:00 **Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.**16:00-17:00 **Eva García Brandariz.** Subdirectora xeral de Coordinación do Rexistro e Atención á Cidadanía.17:00-19:00 **Identidade dixital: identificación e sinaturas dixitais.****Víctor Salgado Seguí.** Socio-Director P&S Abogados

Martes, 6 de outubro

11:00-13:00 **Notificación electrónica.****Marcos Ferrer Canedo.** Responsable proxectos Sector Público en NTT Data.13:00-14:00 **Interoperabilidade de datos e documentos.**16:00-17:00 **Iván López Cabaleiros.** Xefe de proxecto no Sector Público en NTT Data.17:00-19:00 **Seguridade da información. Impacto do Regulamento xeral de protección de datos.****Gustavo Herva Iglesias.** Xefe da Subárea de Seguridade da Amtega.

Martes, 13 de outubro

11:00-14:00 **GovTech. Tecnoloxía avanzada e ferramentas dixitais para mellorar a eficiencia, transparencia e accesibilidade dos servizos públicos.****Miguel Ángel Domínguez.** Presidente de Alastria e CEO de Add4u.16:00-19:00 **Cooperación interadministrativa. Instrumentos de coordinación no desenvolvemento da Administración electrónica. Iniciativas no marco europeo.****Carmen García Álvarez.** Xefa do Servizo de Estratexia en Intelixencia Artificial, Innovación Administrativa e Publicacións Oficiais do Principado de Asturias.

Martes, 20 de outubro

11:00-14:00 **Arquivo electrónico e documentos electrónicos.****Gabriel Quiroga Barro.** Ex-xefe de sección do Arquivo do Reino de Galicia.16:00-17:30 **Licitación e factura electrónicas.****Elena Barba Pan.** Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.17:30-19:00 **Administración dixital, transparencia e servizos públicos proactivos: unha nova relación coa cidadanía.****Enriqueta Vía Leira.** Auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.**Patricia Brión Cabanelas.** Auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.19:00-19:15 **CLAUSURA DO CURSO.****EXAME FINAL en liña: 27 de outubro de 2026.****Dirección académica:****Fernando Suárez Lorenzo.** Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG).**NOTA:** Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>